



**Proposta de clasificación de ofertas relativa á contratación administrativa do servizo para a remodelación e reestruturación da información e contidos da web relativos á transparencia e cidadanía do Parlamento de Galicia.**

Con data de 29 de xullo de 2015, a Mesa do Parlamento, aprobou iniciar o procedemento de contratación administrativa e os pregos de cláusulas administrativas e de prescripcións técnicas para a contratación administrativa do servizo para a remodelación e reestruturación da información e contidos da web relativos á transparencia e cidadanía do Parlamento de Galicia,

Con data de 30 de xullo cursou invitación a empresas vinculadas coa actividade que se pretende contratar coas que negociar as condicións de contrato. Unha vez rematado o prazo para a presentación de ofertas, ás 14:00 horas do día 17 de agosto, referente a esta contratación administrativa recibíronse as ofertas das seguintes empresas:

- *Ingenyus, Marketing Inteligente, S.L*, con número de rexistro 39796 e 39808.
- *Abertal Networks, S.L*, con número de rexistro 39802.

Con data de 17 de agosto de 2015 constituíuse a Comisión encargada da negociación, formada polos seguintes membros:

Santiago González Serrano, Director de Recursos Humanos e Réxime Interior.

Martiño Nercellas Méndez, Técnico da Dirección de Recursos Humanos e Réxime Interior

Pedro Vila López, Xefe do Servizo de Tecnoloxías da Información

Con data de 18 de agosto a Comisión encargada de negociación procede á valoración sobre as proposicións presentadas.

Procédese á apertura do sobre A que contén a documentación correspondente á capacidade para contratar e solvencia económica, financeira, técnica e profesional dos licitadores, constatándose que as empresas presentan correctamente cuberto os anexos I e II do prego de cláusulas administrativas que rexíe a presente contratación, polo que de conformidade co establecido na cláusula sexta A) 14, ambas empresas son admitidas á licitación.

A continuación, procédese á apertura dos sobres B e C. e á elaboración do "*Informe inicial de valoración sobre as proposicións presentadas polas empresas concorrentes á contratación administrativa para a prestación do servizo para a remodelación e reestruturación da información e contidos da web relativos á transparencia e cidadanía do Parlamento de Galicia mediante procedemento negociado sen publicidade*".

En base á valoración realizada estableceuse a puntuación, conforme aos criterios de adxudicación previstos nos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor, e nos criterios availables de forma automática por aplicación de fórmulas, do apartado 15 do Cadro de especificacións do Prego de cláusulas administrativas particulares.

A fin de que durante a fase de negociación non se identificaran aos empresarios que presentaron oferta, denomináronse as proposicións presentadas como Proposición 1, e Proposición 2, sendo a presentada pola empresa *Abertal Networks, S.L* a Proposición 1, e a de *Ingenyus, Marketing Inteligente, S.L* a Proposición 2.



Criterios sometidos a xuízo de valor		Proposición 1	Proposición 2	Puntuación máxima apartado
Arquitectura, planificación e metodoloxía	Arquitectura	2 puntos	7 puntos	17 puntos
	Planificación	0 puntos	2 puntos	
	Metodoloxía	1 punto	2 puntos	
	<b>Subtotal</b>	<b>3 puntos</b>	<b>11 puntos</b>	
Axuste de rendemento, achegamento ao cidadán e melloras de usabilidade	Alta disponibilidade	0 puntos	2 puntos	25 puntos
	Axuste de rendemento	2 puntos	3 puntos	
	Plan Lexista con Nós (achegamento ao cidadán)	1 punto	3 puntos	
	Melloras de usabilidade	0 puntos	3 puntos	
	<b>Subtotal</b>	<b>3 puntos</b>	<b>10 puntos</b>	
Melloras	Melloras: auditoría de seguridade	0 puntos	0 puntos	7 puntos
	Melloras: auditoría de accesibilidade	0 puntos	0 puntos	
	<b>Subtotal</b>	<b>0 puntos</b>	<b>0 puntos</b>	
puntuación criterios non availables matemáticamente		<b>6 puntos</b>	<b>21 puntos</b>	49 puntos

Criterios aplicables por aplicación de fórmulas	Oferta económica		Oferta horas	
	Oferta económica (sen IVE)	Puntos Prezo	Horas	Puntos Horas
Proposición 1	50.100,00 €	<b>6,15</b>	100	<b>10,48</b>
Proposición 2	49.550,00 €	<b>40,00</b>	105	<b>11</b>

De conformidade co disposto na cláusula décima do citado prego, e unha vez elaborado pola Comisión o informe inicial de valoración, invitárse ás empresas inicialmente valoradas a reformular ou mellorar os termos da súa oferta inicial ou indicar que se manteñen nos termos orixinais.



Dentro do prazo outorgado para a presentación das novas ofertas reformuladas ou manter as ofertas orixinais, recíbense por medio electrónico as seguintes comunicacións:

Con data de 19 de agosto a empresa *Ingenyus, Marketing Inteligente, S.L.*, por medio do seu representante D. Pedro Arenas Barreiro, comunica que debido ás características da competitiva oferta remitida, non poden realizar melloras na mesma nin modificar a oferta económica ou incrementar as horas da bolsa para a realización de novos desenvolvimentos complementarios.

Con data de 19 de agosto, a empresa *Abertal Networks, S.L.*, por medio do seu representante D. Manuel Luis Pan Collazo, comunica á Comisión encargada da negociación, a intención de non reformular nin mellorar a oferta técnica e económica (incluída a bola de horas) mantendo, deste xeito, os temos inicialmente propostos.

Unha vez efectuadas as actuacións anteriores, a Comisión declara concluída a fase de negociación, e non habendo cambios sobre a valoración contida no “*Informe inicial de valoración sobre as proposicións presentadas polas empresas concorrentes á contratación administrativa para a prestación do servizo para a remodelación e reestruturación da información e contidos da web relativos á transparencia e cidadanía do Parlamento de Galicia mediante procedemento negociado sen publicidade*”, procédease a a asignación de puntos segundo os criterios de adxudicación ás empresas concorrentes, e a conseguinte proposta de clasificación.

A puntuación total obtida, sumando a referida ao apartado de criterios de avaliación sometidos a xuízo de valor e os establecidos por aplicación de fórmulas, é a seguinte:

Empresa	Criterios sometidos a xuízo de valor	Criterios aplicables por aplicación de fórmulas		Puntuación Total
		Puntos Prezo	Horas	
Proposición 1: Abertal Networks, S.L	6	6,15	10,48	22,63
Proposición 2: Ingenyus, Marketing Inteligente, S.L	21	40,00	11,00	72,00

En consecuencia a orde de clasificación das ofertas presentadas en función da puntuación total obtida polas entidades concorrentes en base aos criterios de adxudicación da cláusula novena do prego de cláusulas administrativas é a seguinte:

1º. Ingenyus, Marketing Inteligente, S.L

2º. Abertal Networks, S.L



En base ao exposto e conforme ao establecido na base décima do prego de cláusulas administrativas procede someter á Mesa do Parlamento de Galicia a seguinte proposta:

- 1º Clasificar as ofertas presentadas na citada orde.
- 2º Concederlle á empresa que presentou a oferta máis vantaxosa, Ingenyus, Marketing Inteligente, S.L, un prazo de dez días hábiles, cinco no caso de urgente, a contar desde o seguinte á recepción do requerimento, a documentación esixida na base décima, apartado 2 do prego de cláusulas administrativas, para proceder á adxudicación do contrato.

Santiago de Compostela 25 de agosto de 2014.

Vº e prace  
Xosé Antón Sarmiento Méndez  
Letrado Oficial Maior

Santiago González Serrano  
Director de Recursos Humanos e Régime Interior

DIRECCIÓN DE RR.HH.  
E RÉGIME INTERIOR